

➔ Que é o BIR?

Sóame isto do BIR

O BIR (Biólogo Interno Residente) é un dos labores profesionais que lle soan a todos os biólogos, o que se debe, sen dúbida, ao seu carácter de “oposición”, máis que á realidade profesional. Así, son tan poucos os “BIRES” que, en canto á ocupación profesional, como saída é case anecdótica.

Nos últimos 10 anos convocouse unha media de 30 prazas cada ano. Se incluímos polo tanto neste colectivo aos profesionais que xa teñen rematado o seu período de formación e se integran nos servizos hospitalarios (poderíamolos chamar “biólogos hospitalarios”), chegaríamos a algúns centos.

Exactamente, que fan?

O Biólogo Interno Residente é un “estudante” que aprobou unha oposición de ingreso e que durante catro anos se forma nunha área concreta da sanidade dentro dun departamento hospitalario, igual que os outros internos residentes (médicos, farmacéuticos, químicos, psicólogos...).

Se algo define o labor do BIR é a súa diversidade. As especialidades ás que poden acceder os biólogos (neste momento) son: Análises Clínicas, Bioquímica Clínica, Inmunoloxía, Microbioloxía e Parasitoloxía e Radiofarmacia, segundo o apartado 1 do Anexo I do [Real Decreto 183/2008](#). Iso non significa que en tódolos hospitais haxa tódalas especialidades. Atopamos BIRES nos grandes hospitais nos que se imparte docencia.

Dentro dos distintos departamentos e hospitais o traballo do BIR é moi variable. Hai departamentos que se dedican máis á investigación, outros ocúpanse de dar apoio ao labor asistencial. Tamén existen departamentos onde a docencia ten un papel moi importante, e outros onde o peso fundamental é a práctica (que, en todo caso, sempre é importante).

Así, resulta moi difícil definir o traballo dun BIR e, en xeral, o traballo do biólogo no hospital. Por exemplo, en Inmunoloxía, nalgúns hospitais traballan en Inmunoquímica, Autoinmunidade, Diagnóstico diferencial de leucemia, Inmunodeficiencia e Histocompatibilidade (que son as distintas áreas de traballo do servizo). O seu traballo apoia a Oncoloxía, Transplantes, Reumatoloxía, Medicina Legal...

A entrada está clara

Para facerse BIR convócanse tódolos anos un determinado número de prazas (en distintos hospitais e especialidades). E os candidatos preséntanse para realizar un exame tipo test de 250 preguntas sobre todo o que se estudou e ten relación co traballo (é dicir, de Botánica e Ecoloxía pregúntase moi pouco).

Unha vez feito o exame realízase unha baremación na que o expediente ten un peso do 10% e o exame do 90% (Orde SAS/2158/2010, publicada no [BOE do 7/VIII/10](#)).

A relación de presentados/prazas dos últimos 14 anos é, aproximadamente, de 19/1.

Como oposición ten unha vantaxe sobre as de instituto: convócanse tódolos anos. E un inconveniente: se aprobas, só consigues un contrato de catro anos. Unha curiosidade, os bioquímicos poden acceder ás prazas de BIR ou de QIR (iso si, non se poden presentar de xeito simultáneo ás dúas, deben elixir).

Os expertos aseguran que o que funciona para preparar a oposición é repetir exames anteriores, ir a algunha das academias privadas que preparan en serio a convocatoria e estudar cos seus temarios.

A saída é algo menos clara

O que acontece cun BIR unha vez que remata a súa formación é moi variable. E este é un dos problemas engadidos desta elección profesional, que a Administración non ofrece unha “carreira” para aproveitar a formación que impartiu.

--A saída natural do biólogo especialista sanitario é a integración en **hospitais**, pero xa que as técnicas que adoitan dominar só se atopan nos hospitais máis importantes, son poucas as prazas que saen, e ademais poden convocarse para outros profesionais, o que dependerá en parte da política do departamento. Unha vez máis, a diversidade é a lei. Por exemplo, no departamento de Inmunoloxía dalgún hospital hai un completo ramallete de profesionais sanitarios: 1 farmacéutico (xefe de sección), 2 médicos adxuntos, 2 biólogos adxuntos, 1 MIR e 2 BIR.

--Se hai **investigación**, faise mediante bolsas, contratos con cargo a proxecto... Inclúense aquí estadias no estranxeiro, que tamén se poden realizar durante a residencia.

--Pódese un preparar algunha oposición na que se recoñeza a formación adquirida (o que pode non ser doado) e traballar para **outro organismo ou Ministerio**.

--A inserción na **sanidade privada** é posible para os BIRES especializados en análises clínicas, por exemplo. Para outros, como o caso dos inmunólogos esta saída é moito máis complexa, xa que a súa especialidade practicamente non existe na sanidade privada.

A xeito de anécdota, hai quen se presenta por segunda vez ao BIR despois de rematar e pode facer outra especialidade. Como son cinco especialidades, pódese ser Biólogo Interno Residente durante vinte anos.

Como son os exames?

O exame é tipo test con 250 preguntas, e 4 respostas alternativas, onde só unha é correcta. Na web do Ministerio de Sanidade pódense descargar os exames resoltos dos últimos anos:

www.mspsi.es (profesionales, convocatoria actual, consulta cuadernos)

Cantas prazas saen?

ESPECIALIDADE/ ANO	2000	2001	2002	2003	2004	2005	2006	2007	2008	2009	2010
ANÁLISES CLÍNICAS	7	7	7	3 (1)	9	6 (1)	4 (1)	8 (1)	11	8	8
BIOQUÍMICA CLÍNICA	7	8	6 (1)	7	11	12 (1)	8	12	14	12	9
INMUNOLOXÍA	10	12	9	11	11	10	11	11	11	12	15
MICROBIOLOXÍA E PARASITOLOXÍA	3	4	2	4 (1)	2	5	5	7	6 (1)	7	9 (2)
TOTAL	27	31	24	25	33	33	28	38	42	39	41

() Prazas en Galicia

Cando se publica a convocatoria?

Adoita saír publicada no BOE no mes de setembro.

Onde se presentan as solicitudes?

Nas delegacións ou subdelegacións do Goberno:

- A Coruña (Durán Lóriga, 3 - 5º. 15003 A Coruña)
- Lugo (Armañá, 10. 27071 Lugo)
- Ourense (Parque de San Lázaro, 1. 32071 Ourense)
- Pontevedra (Praza de España, s/n. 36071 Pontevedra)

Onde é o exame?

En Galicia, en Santiago de Compostela.

Cal é o temario?

Non ten temario. No exame poden preguntar calquera aspecto relacionado co ámbito sanitario.

Como preparala?

Hai academias que as preparan ou venden os apuntamentos.

- Premir-Galicia www.premir.es
- www.inspiracle.es
- Curso BIR a distancia COB Euskadi
<http://www.cobeuskadi.es/VerNoticia.asp?CodNoticia=3006&Idioma=1>
- Cash Flow-Madrid www.cashflow-oposiciones.com
- Centro Mavi-Oviedo www.birmavices.com

E logo, que?

Podes preparar as prazas que convoca a Administración ou presentar o currículo vitae no sector privado (hospitais e laboratorios).

Podes ver, por exemplo, a **Oferta de Emprego Público do SERGAS** (2009):
<http://www.sergas.es/OPE2008/Detalle.aspx?IdPaxina=60100&IdCategoria=31&IdAnexo=1>

En resumo

En resumo, que o do BIR é extremadamente complexo. Hai moi poucas prazas, cun certo crecemento aínda que lento (ver convocatorias 2000-2008). O futuro non está asegurado e depende moito de onde se realice a especialidade.